

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA: convoca PROCESO DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS ADQUIRIDAS A TRAVÉS DA EXPERIENCIA PROFESIONAL.

O venres día 2 de Xaneiro publicouse no DOG a Orde do 16 de decembro de 2014 pola que se **convoca** o proceso de **acreditación de competencias** profesionais adquiridas a través da **experiencia laboral**, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (Xardiñería e Floraría, Electricidade e Electrónica, Soldadura e Caldeiraría, Cociña, Peiteado e Cosmética, Electromecánica de Vehículos, Panadería e Repostería, etc -Anexo I- da convocatoria).

Prazo de presentación de solicitudes: desde o **8 de xaneiro ao 6 de febreiro** de 2015.

Máis información no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.es/fp/convocatoria-2015-acreditacion>

A solicitude de participación no procedemento farase empregando a aplicación informática subministrada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que se atopa no enderezo http://www.edu.xunta.es/acreditacion.acred_exp_laboral_2015